

# CIG-SAÚDEinforma

## Oferta de Emprego do SERGAS para o ano 2019: 1.314 prazas

En ano de eleccións, a oferta de emprego publícase no primeiro trimestre do ano en vez de a finais de ano.

A oferta de emprego da que onte informou o SERGAS na mesa sectorial, é a mesma oferta de emprego que se ven publicando desde o ano 2010.

- Unha oferta de emprego, que antes de chegar á mesa sectorial, foi negociada en comisión de seguimento coas Organizacións Sindicais asinantes da taxa de reposición, **acordo que a CIG-SAÚDE non asinou**. E que, cada oferta de emprego publicada vén a ratificar as nosas denuncias.
- **Ese acordo sindical de taxa de reposición a quen beneficia? As/os traballadoras/es non.**
- Unha oferta de emprego que é un **“INSULTO”** a todas/os as/os profesionais da sanidade pública, obrigándoos a presentarse ano tras ano ás oposicións sen acadar unha praza fixa, pola ridícula oferta de prazas.
- Unha oferta de emprego que **consolida a precariedade laboral**. Non se convocan todas as categorías existentes. E as que se convocan, non acadan nin o 30% das vacantes que hai no SERGAS desde o ano 2009.
- Unha oferta de emprego que **consolida a falta de profesionais na atención primaria**. Convócase unha oferta só con 200 prazas de médica/o de familia e 35 pediatras de atención primaria.

Recentemente nunha visita ao SERGAS do Conselleiro Vasco de saúde, dixo, que o persoal non fai unha carreira para cubrir días libres e vacacións. Isto será en Euskadi. Aquí o **SERGAS coa súa política de emprego condena as/os profesionais á precariedade laboral, ou a migración.**

Máis de 6.000 PRAZAS CONVOCADAS NO CONCURSO DE TRASLADOS		FEIJOÓ O CAMPIÓN DO DÉFICIT
SÓ 1.314 PRAZAS SE CONVOCARÁN NA OFERTA DE EMPREGO DO 2019	1.022 prazas da taxa ordinaria	
	79 prazas do plan de estabilidade	
	81 prazas por cumprimento do déficit	
	132 prazas por cumprimento do déficit de toda a Función Pública	

**CIG-SAÚDE rexeita esta oferta de emprego**, esixe ao SERGAS que remate dunha vez coa taxa de reposición, e que **convoque nos procesos selectivos o 100% as prazas vacantes producidas no SERGAS desde o ano 2009.**

**Non te deixes enganar con esta oferta de emprego insultante.**

**Todo o persoal do SERGAS ten dereito a estabilizar o seu posto de traballo cunha praza fixa, independentemente da súa categoría.**